

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E O
"CLUB PIRAGÜISMO CIDADE DE LUGO" CO OBXECTO DE COLABORAR NOS
GASTOS DERIVADOS DO "LXVII DESCENSO INTERNACIONAL DEL MIÑO"
ANO 2024.**

REUNIDOS

Dunha banda **D. Jorge Bustos Atanasio**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, con enderezo en Lugo, Praza Maior, nº 1 e CIF P2702800J, en virtude da súa condición de Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes (Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais).

E doutra banda **Dª. Ángela María Prado Herbón**, con NIF 33315014C, actuando en nome e representación do **CLUB PIRAGÜISMO CIDADE DE LUGO**, con CIF G27107176, na súa calidade de Presidenta, con enderezo a efectos deste Convenio en Lugo, Avda. Coruña, 339- 6º D.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que teñen conferidas para acordar en nome e representación das institucións que representan

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que o Concello de Lugo ten entre as súas competencias impulsar o deporte e os valores que este transmite, así como a promoción do municipio de Lugo e a súa dinamización na cidade.

Conforme ao artigo 50.1 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público (LRXSP), as Administracións Públicas, os seus organismos autónomos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado.

Conforme o artigo 1 dos Estatutos do **"CLUB PIRAGÜISMO CIDADE DE LUGO"**, esta Entidade "é unha Asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con enderezo na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación de actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario".

Consta certificación da Federación Galega de Piragüismo conforme á cal o **CLUB PIRAGÜISMO CIDADE DE LUGO** "é a única entidade deportiva autorizada, e titular

SECCIÓN DE DEPORTES

JBA/ilc

Refª: convenio

Asunto: Convenio colaboración "Descenso Internacional del Miño" 2024

dos dereitos, para levar a cabo a organización do LXVII Descenso Internacional do Miño de Lugo".

SEGUNDO.-

Que o Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias ten vontade de promover este convenio en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, artigo 25.1: "O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo".

Así mesmo, o apartado 2 de este mesmo artigo establece que "O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (...)".

TERCEIRO.-

Que ambas as partes coinciden na necesidade de axuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, cren conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto ao **"LXVII DESCENSO INTERNACIONAL DEL MIÑO" AÑO 2024**.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto de este convenio é a colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e o Club Piragüismo Cidade de Lugo para a celebración do **"LXVII DESCENSO INTERNACIONAL DEL MIÑO" AÑO 2024**.

O "Descenso Internacional do Miño de Lugo", é unha regata de gran transcendencia e cunha traxectoria histórica relevante, considerado o evento máis antigo dos que se celebran en España, tras o "Descenso Internacional do Sella". Dende os seus comezos, esta cita deportiva espertou un gran interese entre a cidadanía lucense, contribuíndo á difusión e popularización deste deporte na cidade de Lugo, considerando a esta cidade durante décadas como un dos orixes do piragüismo galego e nacional, e mantendo a súa relevancia na actualidade, con referentes como a deportista lucense Tania Fernández García, que acadou a medalla de ouro

no Campionato do Mundo e medalla de bronce no Campionato Europeo, ambos no ano 2022.

Esta proba está enmarcada na modalidade de descenso de ríos, cun percorrido de 18 km aproximadamente, entre a ponte medieval do Concello de Rábade e a Ponte Romana do Concello de Lugo, destacando o franqueo dos “caneiros” e distintos obstáculos naturais como rápidos e correntes que fan destacable a competición. É destacable así mesmo a habitual participación de palistas e equipos referentes na actualidade.

A data prevista para a súa realización é o 18 de maio de 2024. A saída será as 17:00 horas na Ponte Medieval do Concello de Rábade, sendo a meta na Ponte Romana do Concello de Lugo, zona emblemática da cidade. Por circunstancias de climatoloxía ou caudal do río poderase modificar a data de realización.

O descenso realízase en embarcacións individuais K1 e C1 e dobres K2, e as categorías participantes son xuvenil, sénior e veteranos, tanto feminino coma masculino, ademais de contar coa categoría mixta absoluta. Este ano a participación estará condicionada ás olimpíadas, ao ser ano olímpico, pero se prevé que a participación se achegue arredor dos 200-250 padexeiros.

Todo o evento deportivo estará suxeito ao regulamento técnico do mesmo, e supletoriamente polos regulamentos superiores.

O Concello de Lugo intégrase como colaborador do devandito evento para unha mellora na eficiencia da xestión pública e a oferta deportiva municipal, polo impulso do deporte e os valores que este transmite, perseguindo un fin común de interese xeral e baixo o interese público que ostenta unha actividade de estas características, así como a promoción do municipio de Lugo nun entorno privilexiado pertencente a Reserva da Biosfera Terras de Miño, cun alto valor paisaxístico e ecolóxico, sin que esto supoña un trato de privilexio coa entidade organizadora, contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR CADA UNHA DAS PARTES ASINANTES DO CONVENIO.

O **CLUB PIRAGÜISMO CIDADE DE LUGO** comprométese, **como organizador** do “**LXVI DESCENSO INTERNACIONAL DO MIÑO DE LUGO**”, a atender, en xeral, todas as necesidades para o desenrolo do evento nos días anteriores, durante o mesmo e relacionadas coa finalización do mesmo.

En concreto, farase cargo dos seguintes servicios e/ou suministros:

SECCIÓN DE DEPORTES

JBA/ilc

Refº: convenio

Asunto: Convenio colaboración "Descenso Internacional del Miño" 2024

- 1.- Tramitación dos permisos necesarios ás diferentes administracións públicas e/ou entidades implicadas (Medio Ambiente, Confederación Hidrográfica, Concello de Lugo e demais administracións ou entidades públicas ou privadas).
- 2.- Estudo das condicións de seguridade para a realización da proba (valoración meteorolóxica, valoración do caudal do río e de pasos perigosos, e establecemento de zona acotada para deportistas).
- 3.- Montaxe dos elementos de sinalización e balizamento necesarios na zona de saída e meta.
- 4.- Montaxe do campo da regata (instalación de boias, megafonía, carpas, mesas de cronometraxe e demais material necesario)
- 5.- Montaxe da zona arbitral (instalación dunha carpa para os arbitros, para a reunión inicial dos mesmos, xestión de resultados, confirmación de inscricións e demais funcións).
- 6.- Montaxe da zona de entrega de premios.
- 7.- Xestión administrativa da regata (inscricións, comprobación de licencias, publicación dos resultados, atención de reclamacións e calquera outra necesaria para o evento)
- 8.- Informar aos participantes do desenrolo da proba (horarios, lugar de saída e meta, posibles incidencias no percorrido, distribución das zonas de aparcamento e espazos para os clubs e calquer outra información de interese para os participantes)
- 9.- Seguridade dos participantes na auga. Disporanse de cinco embarcacións de salvamento en puntos críticos segundo establezca a Entidade organizadora, contando ademais con apoio do Grupo de Especialistas en Actividades Subacuáticas (GEAS) do Corpo da Garda Civil.
- 10.- Organización de árbitros, xuíces e persoal necesarios para a proba.
- 11.- Cronometraxe da proba.
- 12.- Entrega de premios.
- 13.- Publicidade e difusión da proba e dos seus resultados.
- 14.- Desmontaxe da proba (elementos de sinalización e balizamento, campo da regata, zona arbitral, zona de entrega de premios e demais instalacións e material utilizado).

15.- Calquera outra obrigación ou esixencia que derive da proba non incluída expresamente dentro dos compromisos do Concello de Lugo especificados nesta cláusula.

O CLUB PIRAGÜISMO CIDADE DE LUGO comprométese así mesmo en que a colaboración do Concello de Lugo constará de forma expresa, pública e permanente na organización do evento, sendo o **colaborador preferente** e co logotipo do Concello de Lugo na publicidade do evento, estática, dixital e calquera outra.

O Concello de Lugo, como colaborador do "LXVI DESCENSO INTERNACIONAL DO MIÑO DE LUGO", comprométese a:

- Colaborar cos servizos municipais necesarios para o bo desenrolo do evento como poden ser Policía Local ou Protección Civil, e outros servizos estritamente necesarios, todo isto unha vez solicitados os correspondentes permisos pola entidade organizadora e sempre tendo en conta os recursos dispoñibles dos servizos.
- O Concello de Lugo farase cargo do canon da Federación Galega de Piragüismo por importe de 6.000,00 €, que inclúe:
 - o Inscripción no calendario oficial da Federación Galega de Piragüismo.
 - o Arbitraje e xuíces (en número necesario para o adecuado desenvolvemento da proba, e incluíndo retribucións, aloxamento, dietas, manutención e demais gastos derivados do servizo).
 - o Taxas pola tramitación dos permisos necesarios ás diferentes administracións públicas e entidades implicadas.
 - o Seguro de responsabilidade civil e seguro de actividade.

Faise constar expresamente que, entre as obrigas económicas obxecto de convenio a asumir polo Concello de Lugo, non figuran:

- o Gastos de degustación gastronómica de calquera tipo (en todo caso, terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas).
- o Axudas de custo (aloxamento e manutención ...).
- o Gastos de quilometraxe e outros vinculados ao desprazamento

SECCIÓN DE DEPORTES

JBA/ilc

Refº: convenio

Asunto: Convenio colaboración "Descenso Internacional del Miño" 2024

agás as expresamente mencionadas en relación cos gastos estritamente necesarios en relación aos arbitros e xuíces incluídos no Canon asumido polo Concello.

TERCEIRO.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

Non existe contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

As partes asinantes comprométense a financiar os gastos asumidos durante a vixencia do convenio.

Conforme á documentación obrante no expediente as achegas financeiras que se comprometen a realizar os asinantes non son superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimativo do “**LXVI DESCENSO INTERNACIONAL DO MIÑO DE LUGO**” é de **12.426,02 €**, desglosado nas seguintes partidas:

GASTOS FEDERATIVOS	Canon Federativo pola inclusión no calendario oficial e pola prestación dos servizos comprometidos incluídos en dito canon (*)	6.000,00 €	Achega do Concello de Lugo
	Canon da ICF (International Canoe Federation) para a inclusión da proba no Calendario Oficial Internacional	300,00 €	Achega do Club Piragüismo Cidade de Lugo
Difusión en prensa	Diario “La Voz de Galicia”, anuncio do evento a media páxina, un día.	1.452,00 €	Achega do Club Piragüismo Cidade de Lugo
Material difusión do evento	Deseño e impresión lona para entrega trofeos; deseño e impresión carteis promocionais do evento: cartelería, photocall ...	406,00 €	Achega do Club Piragüismo Cidade de Lugo
Trofeos para clubs e participantes:	102 medallas individuais (6,96 € unidade): 709,92 € 3 trofeos para clubs (24,70 € unidade): 74,10 €	784,02 €	Achega do Club Piragüismo Cidade de Lugo
Seguridade en terra e auga	- Aluguer de cinco embarcacións de seguridade para o control da proba, (120 € c/u): 600,00 € - Aluguer de dúas furgonetas con remolque para o transporte das embarcacións de seguridade na proba (262,50 € c/u): 525,00 €	1.125,00 €	Achega do Club Piragüismo Cidade de Lugo
Dietas	Manutención e gastos de transporte de 23 voluntarios	690,00 €	Achega do Club

	o día da proba (23 voluntarios, 30,00 € c/u).		Piragüismo Cidade de Lugo
Dietas	Manutención árbitros o día da proba (14 árbitros, 25 € c/u).	350,00 €	Achega do Club Piragüismo Cidade de Lugo
Material promocional	Camisetas conmemorativas do evento.	982,00 €	Achega do Club Piragüismo Cidade de Lugo
Avituallamiento participantes	Entrega de comida e bebida aos participantes rematada a proba	337,00 €	Achega do Club Piragüismo Cidade de Lugo
TOTAL ORZAMENTO		12.426,02 €	

(*) Os servizos incluídos no canon da Federación Galega de Piragüismo comprende a inclusión da proba no correspondente calendario oficial, árbitros e xuíces necesarios para a proba, taxas dos permisos necesarios para a celebración da proba de Administracións Públicas e entidades implicadas como poden ser Medio Ambiente e Confederacións e seguro de responsabilidade civil e de actividade. Esta partida orzamentaria correspondente ao canon (6.000,00 €) recolle os recursos citados e non poden ser desglosados xa que a Federación trata a partida como un único concepto económico, ofrecendo os servizos necesarios para o evento, que no caso de ser superiores aos previstos non se alteraría o importe, e dicir, é independente dos recursos que se empreguen (número de árbitros, número de xuíces, etc).

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Non hai contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

SEXTA.- DURACIÓN

Dado que o alcance do presente convenio é en exclusiva a realización do “**LXVI DESCENSO INTERNACIONAL DO MIÑO DE LUGO**”, o convenio extinguirase tras a clausura do acto, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do evento, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito

SECCIÓN DE DEPORTES

JBA/ilc

Refª: convenio

Asunto: Convenio colaboración "Descenso Internacional del Miño" 2024

convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da LRXSP.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

OITAVA.- EXTINCIÓN E EFECTOS

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da LRXSP e pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da LRXSP.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presenta convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o responsable/persoal adscrito á Área de Deportes. Dita Comisión estará integrada polos seguintes membros:

- María Isabel Longarela Ceide (funcionaria de Deportes do Concello de Lugo, en calidade de Presidenta).
- Martín Carballo Méndez (Vicepresidente da entidade organizadora "Club Piragüismo Cidade de Lugo", en calidade de Secretario).
- Fernando Timiraos Carrasco (traballador de Deportes do Concello de Lugo, en calidade de vogal)
- Valeria Romero Gómez (técnica da entidade organizadora "Club Piragüismo Cidade de Lugo", en calidade de vogal)

Asi mesmo, formará parte da Comisión don Jorge Bustos Atanasio, Concelleiro delegado de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP. Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presenta convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

DÉCIMA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, incorporaranse os "logotipos" institucionais do Concello de Lugo.

As entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto de este convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CARÁCTER DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como pola LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdicción contencioso-administrativa.

O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

SECCIÓN DE DEPORTES

JBA/ilc

Refº: convenio

Asunto: Convenio colaboración "Descenso Internacional del Miño" 2024

Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Asinado electrónicamente polo Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes (Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais), don Jorge Bustos Atanasio, e pola Presidenta do Club Piragüismo Cidade de Lugo, dona Ángela María prado Herbón, na data que figura na marxe esquerda deste documento.

Firmado por ***1501**
ANGELA MARIA PRADO (R:
****0717*) el día
03/07/2024 con un
certificado emitido por
AC Representación